

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SESTELO - BAIÓN
CURSO: 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS-
DEPARTAMENTO:
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves , con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves , con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.	PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.	PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper
B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.	PLEB1.5. Aмосa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.
B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).	PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.	PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.
. B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e	PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas

de uso diario.	telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.
B2.3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación.	PLEB2.6. Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as.
B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLB3.5. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento.
B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	PLB3.6. Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.
B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.	PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.	PLEB3.8. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.
B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes.	PLEB3.9. Aмосa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escrito.
B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.
B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións).
B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...).

B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	. PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
B5.4. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.	PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.
B5.7. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.	PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.
B5.8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.	PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.
B5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
B5.11. Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.	PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.
B5.13. Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.	PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.
B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.
B5.17. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e Identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.	PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Intercambios orais cos alumnos/as. - Observación sistemática. - Análise das producións dos alumnos/as. - Probas específicas
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asamblea. - Entrevista. - Posta en común. - Producións orais. - Probas escritas/ orais. - Resolución de exercicios. - Diario de clase. - Investigacións. - Libro de actividades. - Xogos e dramatizacións.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. - 2ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. - 3ª Avaliación: valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballárase na recuperación e reforzo dos contidos non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>As actividades do terceiro trimestre consisten nun repaso do vocabulario e estruturas fundamentais que traballamos nas distintas Unidades Didácticas durante o primeiro e o segundo trimestre. Ditas actividades están enfocadas no reforzo das catro habilidades que son necesarias para comunicarnos de forma clara e completa nun idioma (escoitar, falar, ler e escribir)</p> <p>Cada Luns, propoño actividades da Unidade Didáctica que esteamos a repasar nese momento para que o alumnado realice de forma semanal.</p> <p>As actividades son dos seguintes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cancións ou distintos tipos de vídeos para repasar vocabulario e estruturas e reforzar especialmente a expresión oral. - Vídeos interactivos para repasar vocabulario e estruturas e reforzar especialmente a comprensión oral e escrita. - Xogos de distintas páxinas webs para repasar vocabulario e estruturas e reforzar a comprensión e a expresión escrita. - Fichas descargables ou interactivas para repasar vocabulario e estruturas e que continúen reforzando especialmente a comprensión e a expresión escrita. - Videochamada semanal para atender de xeito máis directo as necesidades do alumnado e tamén para traballar os contidos que estamos repasando. - Poderase propoñer, se fose necesario, actividades de reforzo e recuperación para o alumnado que precise afianzar os contidos máis básicos así como actividades de ampliación dirixidas ao alumnado máis avantaxado.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A metodoloxía será activa, participativa e inclusiva partindo dos seus coñecementos previos e potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos materiais: actividades descargables, actividades deseñadas pola mestra. - Recursos dixitais: páxinas webs, vídeos de Youtube, fichas interactivas.

4. Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Procedemento principal: <ul style="list-style-type: none"> - Comunidade Educativa virtual: Agueiro ▪ Outros: <ul style="list-style-type: none"> - Abalar Móbil. - Email. - Teléfono móbil en casos excepcionais.
<p>Publicidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Páxina web do centro.